

Este é o estado no que se encontra neste momento a pista de Segade, dadas as condicións da mesma (non se poden cruzar dous vehículos, en varios tramos é preciso dar marcha atrás contra un desnivel de gran altura para realizar os xiros necesarios, a pista está sen asfaltar, acumúlase a lama en varios tramos, xa houbo varios accidentes debido ao mal estado da pista ...) consideramos que se debe retirar o sinal que impide a utilización pola Carballeira para saír do centro.

Con data de hoxe, 17 de novembro, a Dirección do IES solicitou formalmente a realización dunha xuntanza coas partes indicadas na moción do 30 de setembro de cara a buscar solucións de consenso que non prexudiquen negativamente ao bo funcionamento do Instituto. No entanto solicitamos a retirada do sinal que prohíbe saír pola Carballeira.

En todo momento, o IES Aquis Celenis intentou evitar a polémica coa Alcaldía manifestando o noso interese polas solucións consensuadas e buscando sempre un acordo que responda ás necesidades do alumnado deste centro e á dignidade que este merece. Por todo isto, pensamos que permitir o uso da Carballeira aos vehículos do profesorado e alumnado non prexudica a ninguén dado que as horas de entrada e saída do Instituto non coinciden coas dos outros centros e que o volume de vehículos afectados non causaría danos ao estado da Carballeira.

Ao tempo, as obras na zona asfaltada da Carballeira deixaron un lugar específico para que os peóns poidan pasear e utilizar ese espazo público sen necesidade de compartir o lugar destinado aos vehículos, así o tráfico non resulta perigoso.

Así mesmo, queremos manifestar o noso apoio a todas as medidas de protección da Carballeira xa que esta forma parte do noso proxecto educativo e ten un uso moi intenso por parte do profesorado e alumnado de diferentes materias. Pensamos que, feita a obra que se realizou e dado que a pista de Segade non se pode considerar un acceso digno nin utilizable, deberíamos permitir o uso da Carballeira aos vehículos do Centro tanto para entrar como para saír seguindo o aprobado no Pleno do 30 de setembro. Tamén consideramos que en temas deste tipo, debería escaparse sempre de polémicas e enfrontamentos estériles que afectan de maneira negativa a todas as partes e prexudican ao ensino público da vila.

Xosé M. Candal González
Director do IES Aquis Celenis